

É O 7 OUT



MOMENTO

DE  
CAMBIAR  
AS  
REGRAS

- SALARIOS DIGNOS
- EMPREGO ESTABLE E CON DEREITOS
- IGUALDADE
- CLÁUSULAS SOCIAIS NA CONTRATACIÓN PÚBLICA



comissões obreiras

# CAMBIAR AS REGRAS

O 7 de outubro celébrase o 11 aniversario da Xornada Mundial polo Traballo Decente, este ano baixo o lema «Cambiar as regras».

O Sindicato Nacional de CCOO e UGT Galicia, xunto a centos de sindicatos e millóns de traballadores e traballadoras de todo o mundo, volvemos reivindicar, durante esta xornada de mobilización, que o traballo decente sexa unha realidade. Para iso cómpre que as regras impostas polo neoliberalismo ao sistema económico mundial cambien, pois son profundamente inxustas, porque xeran maiores e novas desigualdades, porque atacan a democracia e atentan contra os dereitos laborais en gran parte do mundo. Deben abolirse as reformas laborais que condenan a millóns de traballadores e traballadoras á precariedade, a inseguridade e a unha nova pobreza.

Para UGT e CCOO, «cambiar as regras» para facer realidade o traballo decente supón:

— **Emprego de calidade** para todos e todas.

— **Reivindicamos o pleno emprego**, e instamos os Gobernos a perseguir este obxectivo mediante políticas e investimento público. Hai que lles garantir as oportunidades de emprego ás mozas e mozos,



**Traballo decente  
é garantir  
emprego digno  
para a xuventude**

que son os máis golpeados pola crise. Garantir emprego digno para a xuventude.

— **Salarios dignos.** O traballo debe permitir unha vida digna. Os salarios deben recuperar o seu valor previo á crise para que a recuperación económica tamén chegue aos traballadores e traballadoras. Reforzar e estender a negociación colectiva contribúe a retribucións máis xustas e mellores condicións de traballo. Ningún salario debe estar por debaixo dos 1000 euros mensuais.

— **Condicións de traballo xustas.** A competitividade empresarial non

pode basearse na redución dos custos laborais nin na deterioración das condicións de traballo. As reformas laborais que están condeando á precariedade e a inseguridade no mercado laboral deben ser abolidas e substituídas por normas xustas que garantan o emprego de calidade. O traballo precario debe desaparecer.


— **Ningún contrato público sen cláusulas sociais.** Introducir cláusulas sociais na contratación pública para garantir os dereitos laborais e salariais dos traballadores e traballadoras.

— **Protección social e un sistema público de pensións forte e sostible.** Pensións dignas para hoxe e para o futuro.

— **Ningún tipo de discriminación no**

**traballo.** Acabar coas fendas de xénero.

**Nesta 11.ª Xornada Internacional polo Traballo Decente é indispensable tamén que se alcance o Pacto Mundial de Migracións** promovido por Nacións Unidas como compromiso global e real para unha migración e unha mobilidade xusta, regular e segura, asentada nos dereitos das persoas. Así mesmo, é fundamental que os Gobernos orienten as súas políticas á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que tamén promoven as Nacións Unidas, en prol da promoción do crecemento sostido, inclusivo e sostible, o pleno emprego e o traballo decente para todos e todas.



# A OFENSIVA CONTRA A PRECARIEDAD

O mercado laboral en Galicia caracterízase por unha precariedade crecente: máis do 90 % dos contratos son temporais e deles, máis do 30 % non chega á semana de duración.

- Na escasa formalización de contratos de carácter indefinido, **cada vez cobran máis peso as xornadas parciais involuntarias.**
- **110.600 traballadores e traballadoras** en Galicia a tempo completo perciben **salarios inferiores a 14.000 euros** nos seus convenios colectivos.
- **A precariedade cébase especialmente coas mulleres e a xuventude.**
- As Administracións, nos seus procesos de contratación, estanse a converter nun elemento de precarización do mercado de traballo.
- **O 18 % da economía galega no ámbito privado xéranos empresas que traballan para as Administracións.** As traballadoras e traballadores destes sectores son dos máis precarizados no mercado laboral galego.

Para facer da contratación pública unha práctica socialmente responsable co emprego de calidade, **esixímoslle á Xunta de Galicia que deixe de ser un observador das precarias tendencias do mercado laboral e se converta nun axente activo na mellora do emprego**, empezando pola súa práctica como empregador e contratista.

Demandamos o inicio dun proceso de negociación para **incorporar cláusulas sociais na redacción, adxudicación e execución dos contratos no ámbito galego**, que garantan unha loita efectiva contra a precariedade.

Para nós, o modelo de cláusulas sociais na contratación pública ten que se rexer por criterios de homoxeneidade e consenso cos axentes sociais; ten que ser unha guía para o conxunto das Administracións da nosa comunidade autónoma.

**As cláusulas sociais son un instrumento fundamental** para impulsar un modelo de Administración pública, un modelo de mercado produtivo e un modelo de sociedade que asuma melloras de carácter social, medioambiental e laboral, con fundamento no interese público que remate coa precariedade na contratación de obras públicas e servizos.